

ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE LOBIOS DO TREITO ANTIGO DA ESTRADA OU-312, SITUADO ENTRE O PUNTO QUILOMÉTRICO 2+120 E O PUNTO QUILOMÉTRICO 2+155, MARXE ESQUERDA

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, María del Carmen Yáñez Salgado, , na súa condición de alcaldesa do Concello de Lobios, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O Concello de Lobios solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas a titularidade do treito antigo da estrada OU-312 situado entre o p.q. 2+100 e o p.q. 2+165, marxe esquerda, denominado variante V-4. Este treito antigo carece de funcionalidade dentro da Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG), polo que cumpre co estipulado no punto 11 do artigo 18 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, relativo aos cambios de titularidade de treitos de estradas a favor de administracións de menor ámbito territorial.

Mediante o Decreto 39/2026, do 27 de abril, (DOG núm.89 venres 15 de maio de 2026), a Xunta de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Lobios do treito antigo da estrada OU-312, situado entre o punto quilométrico 2+120 e o punto quilométrico 2+155, marxe esquerda.



De acordo co establecido no artigo 2 do Decreto 39/2026, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello de Lobios do treito antigo da estrada OU-312 da Rede autonómica de estradas de Galicia, xunto co seu dominio público viario:

Denominación	Inicio na conexión co	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N)	Final na conexión co	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N)	Lonx. (m)	Superficie DPV (m ²)
Treito antigo da OU-312 (variante V-4)	p.q. 2+120 ME da OU-312	X = 575.904 y = 4.638.439	p.q. 2+155 ME da OU-312	X = 575.857 y = 4.638.422	71	1.074


E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez

A alcaldesa do Concello de Lobios, María del Carmen Yáñez Salgado,

ANEXO I . PLANOS





Nº	Transferencia (Estrada/Treito/Outros)	Lonx.(m)
1	Treito antigo (variante V-4 Pks 2+120 ao 2+155 ME)	71


Cambio de titularidade a prol do Concello de Lobios dun treito antigo da OU-312 (Variante V-4), xunto co seu DPV.

- Eixe obxecto da transferencia ao Concello
- Eixe viario autonómico
- ⊗ Fito quilométrico autonómico
- ▭ Límite municipal do Concello de Lobios

1:25.000

As copias en papel deste documento, tal e como se reflicte na condición de copia e serán verificables a través deste código:
 CVE: a0SYPMYVEG8 https://sede.xunta.gal/cve





Nº	Superficie DPV transferencia	Área (m ²)
1	Superficie DPV (treito antigo V-4)	1.074

Inicio/Final da transferencia ou Pk ref.	UTM X	UTM Y
Inicio Pk 2+120 ME OU-312	575.904	4.638.439
Final Pk 2+155 ME OU-312	575.857	4.638.422

Nº	Transferencia (Estrada/Treito/Outros)	Lonx.(m)
1	Treito antigo (variante V-4 Pks 2+120 ao 2+155 ME)	71

Cambio de titularidade a prol do Concello de Lobios dun treito antigo da OU-312 (Variante V-4), xunto co seu DPV.

- Puntos quilométricos da transferencia ou de referencia
- Eixe obxecto da transferencia ao Concello
- Superficie DPV obxecto da transferencia ao Concello (deslinde SP-OU)
- Eixe viario autonómico
- × Fito quilométrico autonómico

1:1.000

As copias en papel deste documento, tal e como se reflicte na condición de copia e serán verificables a través deste código:
 CVE: aOSYPMWVEG8 https://sede.xunta.gal/cve

